

Venres 21 de Xuño 2019

## **LA BELLE PERSONNE** (Christophe Honoré, 2008)



**Dirección:** Christophe Honoré. **Guión:** Christophe Honoré, Gilles Taurand. **Fotografía:** Laurent Brunet. **Son:** Guillaume Le Braz. **Música orixinal:** Alex Beaupain, Naïve. **Decorados:** Samuel Deshors. **Vestuario:** Pierre Canitrot. **Asistente de realización:** Sylvie Peyre. **Montaxe:** Chantal Hymans. **Montaxe de son:** Thierry Delor. **Produción:** Florence DOrmooy, Joey Faré, ARTE France. **Distribución:** Le Pacte. **Duración:** 1h37. **Elenco:** Louis Garrel, Léa Seydoux, Grégoire Leprince-Ringuet, Esteban Carvajal Alegrías, Simon Truxillo, Agathe Bonitzer, Jacob Lyon, Tanel Derars, martin Simeon, Jeanne Audiard, Esther Garrel, Valérie Lang, Chantal Neuwirth, Jean-Michel Portal, Dominic Gould, Clotilde Hesmé, Chiara Mastroianni.

**SINOPSE:** Junie, unha moza de dezaseis anos, cambia de instituto a metade de curso debido ao falecemento da súa nai. Así entra a formar parte da clase do seu primo Mathias quen lle presenta a todos os seus amigos. Rapidamente todos os mozos queren saír con ela, pero Junie elixe a Otto. Con todo, pronto espertarán en Junie sentimentos cara ao novo profesor de italiano, Nemours. Aínda que ela rexeitará constantemente estes sentimentos e a paixón que xorde entre os dous.

### **A prensa francesa dixo do filme:**

- “*A Belle Personne é un filme soberbio*”. Serge Kaganski para **Les Inrockuptibles**.
- “*Unha das mellores películas da tempada (...) Christophe Honoré filma aos alumnos de instituto como medio deuses, cunha especie de embeleso contido, elixiaco, comunicativo*”. Louis Guichard para **Télérama**.
- “*Unha boa sorpresa, o ton é xusto, os actores están no seu lugar. Boa mención para o traballo ofrecido*”. Eric Cabard para **Brazil**.
- “*Christophe Honoré parece atopar aquí a fórmula perfecta*”. Jean-Philippe Tessé para **Cahiers du Cinéma**.
- “*Despois de Dans Paris e de Les Chansons d'amour, Christophe Honoré púe o seu esbozo dunha certa mocidade parisiense e os seus amores, cunha fermosa economía de medios e de excelentes actores Honoré ten unha forma de filmar aos mozos que realmente lle pertence, filmaos polo que son, serios e graciosos, e el fai desta película unha recreación deliciosa*”. Florence Ben Sadoun para **Elle**.

### **Filmografía seleccionada de Christophe Honoré:**



*17 fois Cécile Cassard* (2002), *Tout contre Léo* (2002), *Miña nai* (Ma mère, 2004), *Dans Paris* (2006), *Les Chansons d'amour* (2007), *Non ma fille, tu n'iras pas danser* (2009), *Les bien-aimés* (2011), *Métamorphoses* (2014), *Les malheurs de Sophie* (2016), *Vivir rápido, amar amodo* (Plaire, aimer et courir vite, 2018)

### **Para saber máis:**

- Aubron Hervé; Honré, Christophe; Sébire, Gabrielle: *Enfance et cinéma: d'Antoine à Zazie*. Arles: Actes Sud, 2017; París: La Cinémathèque Française, 2017.
- Bouquet, Stéphane (dir.): *Danse, cinéma*. París: Centre National de la danse: Capricci, 2012.

Venres 21 de Xuño 2019

-Cleder, Jean; Picard Timothée: *Christophe Honoré: Le cinéma nous achève*. Lormont: Le Bord de l'eau, 2014.

-Madame de La Fayette: *La Princesa de Clèves*. Madrid: Cátedra D. L., 1987.

### **Selección de libros escritos por Christophe Honoré:**

-*Je ne suis pas une fille à papa*. Paris: Thierry Magnier, 1998/ -*L'une belle, l'autre pas*. Paris: Actes Sud, 2003/-*M'aimer*. Paris; L'École des Loisirs, 2004/-*La Douceur*. Paris: Points, 2015/ -*Tout contre Léo*. Paris: L'École des Loisirs, 2015/-*Ton Père*. Paris: Mercure de France, 2017.

### **Análise do filme:**

*La Belle Personne* non é unha adaptación da princesa de Clèves; segundo o seu director é “*unha proposición de ler a novela*”. Con este filme Christophe Honoré pecha unha triloxía baseada no presente. Tres filmes sobre o amor, a mocidade e París.

Como en *Dans Paris* e *Les Chansons d'amour*, con *La Belle Personne* o cineasta volve plasmar a idea que é a base de toda a súa filmografía (e tamén na súa obra literaria): a reflexión sobre o que se considera un “amor normal”, un “amor normativo”. Honoré reivindica o amor sen barreiras sociais nin culturais.

A formulación da película de novo leva a dous dos seus grandes referentes: François Truffaut e Jacques Demy. Foron estes dous mestres da *Nouvelle Vague* os que mellor plasmaron a mocidade e o amor sen fronteiras. Referentes que Honoré sempre reivindica e que se fan patentes ao longo da súa filmografía. Sobre todo Jacques Demy. Se *Les chansons d'amour* é un musical contemporáneo ao fiel estilo de *Os paraugas de Cherburgo* (*Les parapluies de Cherbourg*, 1964), nesta ocasión a través do personaxe de Otto (e o modo musical no que expresa os seus sentimentos) viaxamos de novo ata a filmografía de Demy, pioneiro dos cineastas europeos que abandeira o musical como modo de expresarse cando as palabras xa non son suficientes.

Se en *Dans Paris* a capital francesa aparecía retratada case como un museo e en *Les Chansons d'amour* a cidade centrábase de forma case documental no distrito dez, esta vez con *La Belle Personne* o cineasta centra a historia no distrito dezaseis. Pero en realidade isto non importa. A cidade é un mero escenario polo que se moven os personaxes para desprazarse desde as súas casas ata o verdadeiro centro e corazón da película: o instituto Molière. Honoré rodou durante o período de clases, esa realidade do instituto e do bulicioso día a día dos adolescentes queda atrapada perfectamente pola cámara do realizador. O contraste entre o bulicio do interior do instituto e as baleiras rúas fai que o espectador se centre nos protagonistas. Pero, destes mozos non vemos as súas casas, ou as súas habitacións tal e como adoita ocorrer cada vez que algunha historia de adolescentes aparece na gran pantalla. A Honoré non lle interesa isto, quere ser fiel á xeografía do lugar pero céntrase sobre todo nos sentimentos dos mozos, non quere xeneralizar e evita así expoñer certos decorados que cualifica como “*un xénero de decorado maldito*”. O director non mostra nostalgia nin psicoloxía á hora de presentar a estes adolescentes.

Sen dúbida Christophe Honoré é un digno sucesor da Nouvelle Vague, un cineasta para o que o amor move o mundo. Por que encadrar este amor?

